

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [Curso de Estadística aplicada con R \(4ª edición\).](#)
2. [V Xornada de Usuarios de R en Galicia.](#)
3. [62nd ISI World Statistics Congress \(WSC\) en Kuala Lumpur.](#)
4. [Workshop on Data Science \(IMUS\).](#)
5. [Concurso “STUDENT de Estadística Aplicada”.](#)
6. [Contratos para investigadores en ciencia de datos e investigación de operacións na Escola de Negocios IESE de Barcelona.](#)
7. [Dous contratos de profesor lector en Estadística e Investigación de Operacións na Universitat Politècnica de Catalunya.](#)
8. [Investigador/a para proxecto “Rich Stimulation Daily Living \(RISING\)”.](#)
9. [Convocatoria concurso público para a elaboración dunha lista de agarda de persoal docente e investigador contratado interino na USC.](#)

1.- Curso de Estatística aplicada con R (4ª edición)

Descrición: A Facultade de Ciencias da Universidade Autónoma de Madrid (UAM), en colaboración co Departamento de Bioestadística de GEICAM, organiza a 4ª Edición do programa de formación continua en "Estatística Aplicada con R" que se impartirá en Madrid en 2018 de forma presencial.

Programa: O programa está composto por 6 módulos que poden ser cursados de forma independente.

- Introducción a R (Opción A): 6, 7 de setembro
- Introducción a R (Opción B): 20, 21 de setembro
- Métodos de Regresión e Análise Multivariante con R: 3, 4, 5 de outubro
- Métodos de Regresión Avanzados para a Investigación en Ciencias Naturais con R: 16, 17, 18 de outubro
- Estatística Aplicada á Investigación Biomédica con R: 24, 25, 26 de outubro
- Modelos Mixtos / Xerárquicos / Multinivel con R: 20, 21, 22 Novembro
- Técnicas Estatísticas de Minería de Datos con R: 26, 27, 28, 29, 30 de Novembro

Lugar: Todos os módulos impartiránse na Facultade de Ciencias da UAM.

Sitio web: <https://goo.gl/d41Uje>

2.- V Xornada de Usuarios de R en Galicia

25 de outubro de 2018

Santiago de Compostela, España

Descrición: A V Xornada de Usuarios de R en Galicia terá lugar na Aula Magna da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, o día 25 de outubro de 2018. Organizada pola Oficina de Software Libre do CIXUG, e patrocinada pola AMTEGA (Xunta de Galicia), incluírá relatorios e talleres co obxectivo de promover o coñecemento da linguaxe estatística R e as súas aplicacións, así como proporcionar un punto de encontro para todas aquelas persoas interesadas en intercambiar as súas experiencias e atopar colaboracións do resto da comunidade.

Se queres presentar unha charla sobre algún tema que che interese ou organizar un taller, tes toda a información no apartado call for papers. Se prefires enviarnos calquera outra suxestión tamén podes contactar con nós a través do formulario de contacto.

Dentro da programación da Xornada de Usuarios R vaise organizar un Taller Introductorio do Paquete Estatístico R e outro taller de contidos avanzados de R (o contido específico deste taller indícase no apartado de programa da sesión).

Como os talleres son prácticos, é recomendable levar un ordenador portátil.

Esta actividade enmárcase dentro do Sistema Titorial da Facultade de Matemáticas da USC e no convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o CIXUG para a realización de actividades de fomento do software libre en Galicia. A inscrición é de balde, e de libre acceso.

Sitio web: <https://www.r-users.gal/>

3.- 62nd ISI World Statistics Congress (WSC) en Kuala Lumpur

18 de agosto de 2018 – 23 de agosto de 2018

Kuala Lumpur, Malasia

Descrición: Os Congresos Mundiais de Estatística (WSC) do ISI teñen lugar unha vez cada dous anos en diferentes países e, normalmente, están organizados ou en colaboración coa Oficina Nacional de Estatística do país anfitrión. Os WSC e os seus eventos asociados son o punto máis destacado das actividades do ISI onde todas as nosas Asociacións, Comités, membros e participantes implicados na estatística provenientes de todo o mundo, xúntanse para participar nas distintas actividades do WSC durante unha semana enteira, nametres que as actividades asociadas se levan a cabo unha semana antes ou despois do congreso principal. O seguinte ISI WSC terá lugar en Kuala Lumpur, Malasia, do 18 ao 23 de agosto de 2019.

Cada WSC ten un programa científico rico que se agrupa en tres tipos de sesións: sesións invitadas (IPS), sesións de temática especial (STS) e sesións de contribucións e póster (CPS).

O programa administrativo completo inclúe as reunións das comisións executivas, das asembleas xerais e dos comités do ISI, ademais das correspondentes ás asociacións.

Os anfitrións locais fixeron un gran esforzo no Programa Social para que o WSC sexa un evento para lembrar e proporcionar aos participantes a oportunidade de experimentar o sabor da cultura do país anfitrión. O Programa Social tamén inclúe actividades diarias para acompañantes.

É de salientar a organización de diversas Reunións Satélite e Cursos Curtos asociados ao WSC e organizados polo ISI e as súas diversas Asociacións. Estes teñen lugar en ou preto da cidade anfitriona antes e despois da semana principal do WSC e se combinan co WSC para proporcionar un excelente e excepcional evento estatístico internacional, memorable en todos os sentidos.

Sitio web: <http://www.isi2019.org/>

4.- Workshop on Data Science (IMUS)

13 de setembro de 2018 - 14 de setembro de 2018

Sevilla, España

Descrición: O Workshop on Data Science, que se celebrará no IMUS (Instituto de Matemáticas da Universidad de Sevilla) os días 13 e 14 de setembro (2018), pretende proporcionar un foro para o intercambio de ideas entre investigadores de diferentes áreas en Investigación Operativa, Estatística e Informática. O evento será financiado pola Fundación BBVA (FBBVA), en particular polo proxecto “Clasificación con atención a los costes. Un enfoque de optimización matemática”, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividad (proxecto MTM2015-65915-R):

<https://www.fbbva.es/equipo/clasificacion-atencion-los-costes-enfoque-optimizacion-matematica/>

Comité organizador:

- Rafael Blanquero Bravo (U. Seville, IMUS)
- Manuel Carrero Cámara (IMUS)
- Pepa Ramírez Cobo (U. Cádiz, IMUS)
- Rubén Ramírez Touro (IMUS)

Conferenciantes invitados:

- Cabras, Stefano University Carlos III of Madrid
- Cao, Ricardo University of A Coruña
- Gude, Francisco University Clinical Hospital of Santiago
- Guerrero, Vanesa University Carlos III of Madrid
- Guillén, Montserrat University of Barcelona
- Marron, Stephen University of North Carolina at Chapel Hill
- Molina, Isabel University Carlos III of Madrid
- Morales, Juan Miguel University of Málaga
- Olivares-Nadal, Alba University Pablo de Olavide
- Romero, Dolores Copenhagen Business School

Contacto:

- Preguntas xerais: pepa.ramirez@uca.es
- Preguntas administrativas: acti2-imus@us.es

Sitio web: <http://congreso.us.es/wdatascience/index.html>

5.- Concurso “STUDENT de Estadística Aplicada”

Descrición: Mediante este concurso, o Servizo de Estatística da Universidade Autónoma de Barcelona xunto co Instituto de Estatística de Catalunya quere potenciar o espírito investigador e o gusto pola Estatística Aplicada entre os estudantes das universidades do Estado español, así como dar a coñecer o papel destacado da Estatística na obtención de novos coñecementos tanto na comunidade universitaria como á sociedade en xeral. Os aspirantes presentarán unha análise dun conxunto de datos, enmarcado en un problema real, para o que proporán unha solución. O contido do traballo será inédito e de temática libre.

Bases do concurso: Poderán optar ao concurso todos os estudantes de grao ou de mestrado que estean matriculados este curso 2017-18 en calquera universidade do Estado Español. Os concursantes, de forma individual ou ben en equipos de dous, presentarán un traballo que debe ser inédito. Os traballos non poderán superar as 20 páxinas e deberán ter unha estrutura similar á seguinte:

- Título e pseudónimo.
- Resumo (150 palabras): Texto que se publicará na páxina web do SEA se é un traballo ganador.
- Breve introdución.
- Planteaxamento do problema, obxectivos e hipóteses de traballo. Información a priori dispoñible.
- Análise estatística.

- Conclusións, interpretacións e consecuencias. Analizar as repercusións que poden ter os resultados obtidos.

Solicitudes: O traballo será enviado ao Servizo de Estadística da UAB por correo electrónico, a s.estadistica@uab.cat, en formato pdf e firmado cun pseudónimo. No texto da mensaxe deberán tamén incluírse no nome e os datos do autor/a (teléfono) así como unha imaxe escaneada do resguardo da súa matrícula universitaria correspondente a este curso.

Responsabilidades: Os estudantes ganadores deberán facer unha presentación do traballo no Día da Estatística de Cataluña de uns 8-10 minutos.

Data límite para o envío dos traballos: 10 de setembro de 2018.

Sitio web:

<http://sct.uab.cat/estadistica/es/content/concurso-student-de-estad%C3%ADstica-aplicada>

6.- Contratos para investigadores en ciencia de datos e investigación de operacións na Escola de Negocios IESE de Barcelona

Descrición: A partir do mes de outubro de 2018 estarán dispoñibles dous empregos de investigación a tempo completo no IESE Business School (Universidade de Navarra) de Barcelona. O traballo desenvolverase en proxectos interesantes que buscan modelar e predicir patróns de consumo e mobilidade, ademáis de aconsellar a toma de mellores decisións para comerciantes e cidades. Estes proxectos non son illados, senón que estenden investigacións previas.

Para máis información, consúltese:

<http://blog.iese.edu/martinezdealbeniz/research/>

Perfil: O posto é ideal para candidatos recentemente titulados en matemáticas, enxeñería ou economía que estean interesados en seguir unha carreira na investigación en investigación operativa (ciencia da información ou matemática aplicada) ou xestión de operacións. Os candidatos potenciais deben estar familiarizados coas técnicas básicas de ciencia da información (econometría, aprendizaxe automática, R/python), modelización e optimización (programación matemática).

Prégase aos interesados que envíen o seu CV a Victor Martínez-de-Albéniz a valbeniz@iese.edu

7.- Dous contratos de profesor lector en Estatística e Investigación de Operacións na Universitat Politècnica de Catalunya

Descrición: O Programa Serra-Hünter do Sistema Universitario de Cataluña (<http://serrahunter.gencat.cat/en>) oferta dous contratos temporais como profesor lector en Estatística e Investigación Operativa (en principio, un en Estatística e outro en Investigación Operativa) na Universitat Politècnica de Catalunya (UPC, BarcelonaTech).

Prazo: A convocatoria internacional está aberta desde o 6 de xullo ata o 16 de setembro de 2018.

Máis información da convocatoria:

http://serrahunter.gencat.cat/en/convocatoria_juliol_2018/

8.- Investigador/a para proxecto “Rich Stimulation Daily Living (RISING)”

Descrición xeral do proxecto: Estudo de investigación sobre a efectividade de terapias cognitivas baseadas en actividades cotiás, a través da monitoraxe non invasiva dos usuarios: Rich Stimulation Daily Living (RISING).

Descrición do posto: 1 contrato a tempo completo como investigador/a en o proxecto de investigación arriba mencionado para a realización dun estudo sobre a efectividade de terapias cognitivas baseadas en actividades cotiás, no marco dun contrato entre o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) e unha empresa do sector TIC.

Investigador principal: Profesor Dr. Manuel Febreiro Bande, Catedrático de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela, e investigador adscrito a ITMATI.

Perfís dos candidatos: Graduados/ as, licenciados/ as, diplomados/ as, másteres e doutores/ as en matemáticas e/ou estatística.

Méritos e requisitos a valorar:

- Formación e experiencia xeral a valorar (40 puntos, todas as achegas deben estar documentadas).
- Expediente académico do grao, licenciatura, diplomatura, máster e/ou doutoramento. Valorarase o grao de afinidade das titulacións do candidato/a con a área de estatística e investigación operativa.
- Coñecementos avanzados en estatística.
- Experiencia previa en análise e programación de algoritmos matemáticos e/ou estatísticos. ou Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso da linguaxe de programación R. Coñecementos e experiencia adicional e específica a valorar (35 puntos, todas as achegas deben estar documentadas).
- Coñecementos e experiencia previa no uso de metodoloxías relativas ao control estatístico da calidade, especialmente ao control por atributos.
- Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso do paquete Shiny de R e de R Markdown.
- Coñecementos avanzados e experiencia previa no uso de LaTeX.
- Entrevista persoal (25 puntos).
- Os candidatos/ as seleccionados/ as de acordo cos criterios anteriores serán convocados/ as a unha entrevista persoal. Entrevistarase polo menos aos tres candidatos/ as mellor valorados/ as.

Traballos a realizar: Análise estatística dos datos recompilados no marco do proxecto.

Elaboración de informes en R, usando o paquete Shiny de R e R Markdown.

Condicións:

- Realizarase un contrato de obra ou servizo.
- Retribución bruta mensual: 1.710,00 € en 12 pagas.
- Data inicio prevista: setembro de 2018.
- Data fin de obra prevista: 30/11/2018, sempre que a dispoñibilidade do proxecto permítalo.
- Xornada laboral: tempo completo.

Envío de solicitudes: As persoas interesadas neste contrato deberán enviar antes do 23 de xullo de 2018 ás 14:00 horas a súa solicitude, que deberá incluír unha carta de presentación que resuma a traxectoria da persoa solicitante (coa formación e experiencia xeral a valorar, así como os méritos adicionais que se valoran na convocatoria), un currículo vitae (con teléfono móbil e correo electrónico), e o título e o expediente académico de grao, licenciatura, diplomatura, máster e/ou doutoramento. Se os candidatos/ as estímano oportuno tamén poderán achegar á súa solicitude cartas de recomendación. Toda a documentación remitirase á seguinte dirección de correo electrónico itmati@itmati.com, indicando en “asunto” a referencia da oferta ITMATI-OT-09/2018. Unha vez recibida a solicitude, confirmarase a recepción da mesma mediante correo electrónico.

Sitio web:

<http://www.itmati.com/en/oferta-de-empleo-itmati-ot-092018-investigadora-para-proyecto-rich-stimulation-daily-living-rising>

9.- Convocatoria concurso público para a elaboración dunha lista de agarda de persoal docente e investigador contratado interino na USC

Descrición: Resolución do 5 de xullo de 2018 pola que se convoca concurso público para a elaboración dunha lista de agarda de persoal docente e investigador contratado interino para cubrir as necesidades docentes de distintas áreas de coñecemento da Universidade de Santiago de Compostela para o curso académico 2018/19.

Sitio web: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180718/AnuncioG2018-060718-0001_gl.html

Entre as distintas áreas de coñecemento relacionadas, están Estatística en Investigación de Operacións (Nº de concurso L022/18-19) e Análise Matemática (Nº de concurso L017/18-19).

Para máis información acerca do concurso L022/18-19, pódese consultar:

<http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/prazasabertas/profesor.html?id=900291&valor=true>

Infórmase a todos os interesados en difundir algunha nova en especial que poden propoñer a súa inclusión no boletín da SGAPEIO a través do contacto jtarrío@udc.es.

Igualmente, infórmase a todos os socios que o próximo envío de noticias terá lugar en setembro de 2018.